

## MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2008

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2008 o seu decimoquinto ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas aos estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenvolvemento cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

O Presidente do Padroado da FUNDACIÓN NOVAS, D. Jesús Portela Medraño, cumprindo un acordo do resto dos integrantes da directiva da nosa entidade, recolleu diversas propostas para invertir o capital da Fundación e poder obter un maior rendemento para así poder adicar os cartos aos fins establecidos nos nosos Estatutos. Tras analizar, previa consulta coa asesoría xurídica e financeira coa que traballamos, as distintas opcións tomouse a decisión de prorrogar, primeiro durante tres meses, e logo durante outros seis meses máis, a oferta prantexada pola entidade Baninver, S.A., Sociedad Gestora de Carteras, radicada en Vigo, para xestionar o noso capital. Unha vez realizadas as oportunas xestións e formalizados os documentos, o presidente dou conta ao Padroado.

No mes de outubro, e cumprindo un acordo do Padroado, o presidente da Fundación asina un novo reparto do noso capital social. Debido á situación de crise financeira mundial, o Padroado tomou o acordo de dividir en dúas partes este capital e destiñalo durante un ano a un fondo na empresa Baninver e outro no Grupo Vitalicio, co fin de garantir o capital social en caso de que houbera problemas de solvencia ou doutro tipo nas entidades financeiras coas que traballamos. A sinatura destes contratos foron realizadas no mes de outubro. A decisión do Padroado sobre a xestións do noso capital veu a aliviar a situación económica da nosa entidade. Coa nova xestión do capital , a FUNDACIÓN NOVAS pudo afrontar máis proxectos.

Por outra parte, o Padroado da Fundación tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de 350 euros ao Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural das Letras Galegas, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

O Padroado da Fundación Novas tomou tamén o acordo de donar unha impresora-fotocopiadora profesional á Biblioteca Pública de Beluso. O presidente do Padroado mantivo unha serie de conversas cos responsables de Cultura do Concello de Bueu e coa bibliotecaria para coñecer as necesidades desta biblioteca e foinos plantexada a petición dunha fotocopiadora. O propio presidente encargouse de solicitar presupostos e o Padroado tomou o acordo de comprar a fotocopiadora á empresa Nea de Vigo. En relación con esta compra e a súa doación, a Fundación NOVAS tamén se fai cargo dos gastos mensuais do mantemento e das cuotas por número de copias realizadas.

Como xa ocorrira o pasado ano, o Padroado da Fundación tomou o acordo de conceder unha axuda de 1.000 euros ao Concello de Bueu, para colaborar no patrocinio do Outono Cultural, acontecemento socio-cultural que se celebrou no mes de novembro na vila, de Bueu.

A petición da xunta directiva do clube deportivo Beluso, o Padroado tomou o acordo de conceder unha axuda de 1.000 euros a esta entidade deportiva para destinar á equitación dos alumnos da Escola de Fútbol que puxo en marcha o clube, recibindo o agradecemento da directiva e pais e nais dos futbolistas pola doación.

Finalmente, o Padroado foi informado polo presidente da Fundación das xestións para por en marcha a páxina web da nosa entidade benéfico-docente. Os traballos estaos a realizar a empresa informática Nerade de Bueu e confiamos en que esté en servizo á primeiros do ano vindeiro.

### **PADROADO DA FUNDACIÓN**

O Padroado da Fundación Novas non rexistrou ningún cambio na súa composición ó longo do pasado exercicio e segue a estar formado polas seguintes persoas:

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Vicepresidente: D. Francisco León Gómez

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: D. José Otero Baena

Vocal: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2008 da Fundación que presido.

**D. JESUS PORTELA MEDRAÑO**

Presidente do Padroado